



CONCELLO DE  
OLEIROS

> PERSOAL E RRHH

## RESOLUCIÓN

O día 11 de setembro de 2024, o director do Centro Municipal de Formación, Manuel Ramón Lema Pombo, comunica a Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade relativa a concesión da subvención para realizar o proxecto denominado **Obradoiro dual de emprego "ACONDICIONAMENTO XARDÍNS E PARQUE ENTORNO PAZO DE LÓNGORA 2"**.

Este Obradoiro é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, e ten por obxecto a formación e traballo práctico de 20 alumnos nas seguintes especialidades:

10 alumnos:

- AGAO0108 – Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería
- AGAR0309 – Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes

10 alumnos:

- MAMD0209 – Traballos de carpintería e moble
- MAMD0109 – Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e moble

Para levar a cabo o proxecto é necesario contratar o seguinte persoal:

- 1 director/a.
- 1 mestre/a de xardinería responsable de impartir os Certificados de Profesionalidade "AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería" e "AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes".
- 1 mestre/a de carpintería responsable de impartir os Certificados de Profesionalidade "MAMD0209 Traballos de carpintería e moble e "MAMD0109 Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e moble".
- 1 titor/a-coordinador/a de formación.
- 1 Administrativo/a.

Aos alumnos váiselles realizar un contrato de formación de 9 meses de duración (vixencia do proxecto).

Na mesma comunicación, o director do Centro Municipal de Formación, solicita a aprobación das bases que rexerán a convocatoria para a selección deste persoal, e propón o seu contido de acordo coa Circular da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, na que se dan instrucións en relación ao procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador, dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Tendo en conta os informes favorables ao respecto, emitidos o 16 de setembro de 2024 pola xefa do servizo de Persoal e RRHH, e o 23 de setembro de 2024 pola intervención municipal.





CONCELLO DE  
OLEIROS

No exercicio das facultades que se confiren ao alcalde polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e que, p d, en virtude do DA nº 2023003281, do 21 de xuño, corresponden a esta tenencia de alcaldía;

**RESOLVO:**

1.- Aprobado a convocatoria do proceso selectivo para contratar ao seguinte persoal, do proxecto denominado **Obradoiro dual de emprego "ACONDICIONAMENTO XARDÍNS E PARQUE ENTORNO PAZO DE LÓNGORA"**, durante un período de 9 meses:

- 1 director/a.
- 1 mestre/a de xardinería responsable de impartir os Certificados de Profesionalidade "AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería" e "AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes".
- 1 mestre/a de carpintería responsable de impartir os Certificados de Profesionalidade "MAMD0209 Traballos de carpintería e moble e "MAMD0109 Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e moble".
- 1 titor/a-coordinador/a de formación.
- 1 Administrativo/a.

2.- Aprobado as bases xerais e específicas incluídas no anexo desta resolución, da que forman parte integrante, que rexerán o procedemento selectivo.

3.- Publicar as ditas bases no taboleiro de anuncios na sede electrónica do Concello, na páxina web municipal, e comunicalas ao Comité de Empresa do Concello e a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade e á Oficina de Emprego Centro, responsable do proceso de tramitación das ofertas.

4.- A selección dos/as alumnos/as traballadores/as realizarase a través da tramitación dunha oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

5.- Os/as candidatos/as aos postos docentes e de apoio, poderán presentar as súas solicitudes no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte da publicación antedita.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola segunda tenente de alcalde delegada de Persoal, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

